

IV Convenio Único para o persoal laboral da AXE

COMISIÓN PARITARIA DE DECEMBRO

Os aspectos máis destacados da última COPA deste ano, son os seguintes:

- ⇒ **Aplicación das derradeiras subas salariais nos complementos (art. 56.3 do IV Convenio).** Aprobaron unha suba lineal para todos os complementos de 62€. Nos non asinamos o acordo, xa que a nosa proposta era dunha suba proporcional que nos parece moito máis xusta.
- ⇒ **Complementos.** Continuamos coa feira, seguimos sen ter claros cales son os criterios aplicados en Función Pública para a aprobación ou denegación das propostas das Subcomisións. Volvemos a solicitar que nos aclaren eses criterios, tanto a nos como ós diferentes departamentos encargados de elaborar esas propostas.

Doutra banda, continuamos coa destrución de emprego, case todas **as propostas** de actualización ou asignación de complementos **están financiadas con amortización de postos vacantes. A CIG e o único sindicato que se opón a este sistema**, pan para hoxe e fame para mañá.

Quedaron aprobadas as propostas actualización ou asignación de complementos do INE, Política Territorial, Transición Ecolóxica, Transportes e Interior.

- ⇒ **Grupos de traballo.** Acordamos a creación dun Grupo de Traballo para a ordenación das Ofertas de Emprego e reclamamos á Administración a urxencia de facer cambios que nos permitan incorporar persoal laboral **e minimizar o enorme número de postos que quedan desertos, así como a importancia de axilizar os procesos selectivos.** Tamén solicitamos que tratemos a **mellora do acceso á promoción interna** para o persoal laboral.

Insistimos na necesidade de mellorar o acceso á Xubilación Parcial e garantir o acceso a este dereito en igualdade de condicións para todos e todas. Trasladamos tamén a necesidade de anticiparnos ós cambios normativos en materia de xubilación para que non volvan a supoñer atrasos na tramitación. Quedaron de reunirmos en xaneiro, están recompilando información dos ministerios para detectar os atrancos e facernos unha proposta.

A resolución definitiva da terceira fase do Concurso Aberto e Permanente publicouse o día 17. A do Anexo II publicarase en Xaneiro. O ano que ven teñen intención de facer catro convocatorias, tal e como marca o convenio. Xa veremos. **Solicitamos que se permita a participación do persoal do grupo E0 nos concursos en igualdade de condicións** que para o resto.

O Troco de Réxime Xurídico segue en marcha, pero con pouco éxito. Volvemos a reclamar que se aclaren todas as incertezas existentes para que o persoal se poida animar (retribucións, condicións de traballo....)

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota